CA1.7 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender proxectos científicos colaborativos		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e os recursos económicos.	Valorar axeitadamente a contribución da Ciencia na sociedade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconcepto positivo ante as ciencias.	Mostrar resiliencia ante os retos académicos.		
CA12.2 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico.		
CA12.3 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos.		
CA8.1 - Identificar e comprender fenómenos naturais relevantes, a partir de teorías, leis e principios científicos adecuados como estratexia na toma de decisións fundamentadas.			
CA8.2 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.		Baleiro	0
CA8.3 - Atopar a solución dun problema utilizando os datos e información achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica. - Identificación e formulación de cuestións. - Elaboración de hipóteses. - Comprobación mediante experimentación. - Análise e interpretación de resultados. - Espazos e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e da comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente. - Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar en diferentes formatos. - Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. - Predición e comprobación, mediante o razoamento lóxico-matemático, utilizando ecuacións e gráficas, da variación das principais magnitudes que describen o movemento dun corpo. Estudo dos movementos rectilíneos e circulares sinxelos. - As forzas. - Relación das forzas cos cambios que producen sobre os sistemas e aplicación á resolución de problemas da vida cotiá relacionados coas forzas presentes na natureza.

Contidos

- Recoñecemento das principais forzas da contorna cotiá, como o peso, a normal, o rozamento ou a tensión, e o seu uso na explicación de fenómenos físicos en distintos escenarios.
- Leis de Newton: aplicacións a fenómenos naturais e cotiáns.
- A enerxía.
- Formulación e comprobación de hipóteses sobre as distintas formas de enerxía e as súas aplicacións a partir das súas propiedades e do principio de conservación, como base para a resolución de problemas sinxelos relacionados coa enerxía mecánica.
- Obtención e consumo de enerxía, e as súas repercusións ambientais.
- Análise dos efectos da calor sobre a materia. Recoñecemento de distintos procesos de transferencia de calor nos que están implicados diferenzas de temperatura, como base da resolución de problemas cotiáns.
- Estratexias para o recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe propia para incrementar a curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
- Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe.
- Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
- Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

UD	Título da UD	Duración
17	Simetría	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Comunicar de xeito claro e rigoroso información científica	PE	90
CA4.1 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	Elaborar representacións que axuden a encontrar estratexias para resolver un problema		
CA4.2 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunicar información axeitadamente		
CA4.3 - Aplicar procedementos propios das ciencias e das matemáticas en situacións diversas establecendo conexións entre distintas áreas de coñecemento en contextos sociais.	Establecer conexións entre distintas áreas de coñecemento		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Diseñar e realizar experimentos e obter datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese.	Diseñar experimentos sinxelos	TI	10
CA1.3 - Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas.	Interpretar correctamente os resultados nun proxecto		
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconceito positivo ante as ciencias.	Mostrar resiliencia ante os retos académicos.		
CA12.2 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico.		
CA12.3 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica. - Identificación e formulación de cuestións. - Elaboración de hipóteses. - Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar en diferentes formatos. - Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. - Movementos e transformacións. <ul style="list-style-type: none"> - Análise de transformacións elementais como xiros, translacións e simetrías en situacións diversas utilizando ferramentas tecnolóxicas ou manipulativas. - Investigación das transformacións elementais na vida cotiá con ferramentas tecnolóxicas como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc. - Estratexias para o recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe propia para incrementar a curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia. - Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe. - Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos. - Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

UD	Título da UD	Duración
18	Xenética	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles.	Formular hipóteses correctamente	PE	90
CA1.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Comunicar de xeito claro e rigoroso información científica		
CA10.3 - Identificar o ADN como a molécula portadora da información xenética relacionando a súa organización na célula coa súa función.	Coñecer a función do ADN na célula		
CA10.4 - Recoñecer as etapas do ciclo celular e describir o proceso da división celular identificando as diferenzas principais entre a mitose e a meiose e relacionando estes procesos coa aparición e desenvolvemento dun cancro.	Coñecer as etapas do ciclo celular		
CA10.5 - Analizar e explicar os procesos que xeran variabilidade xenética valorando o seu papel na biodiversidade e na evolución.	Explicar os procesos que xeran variabilidade xenética		
CA10.6 - Coñecer as principais técnicas da enxeñaría xenética e interpretar as implicacións éticas, sociais e ambientais en relación cos avances en biotecnoloxía e enxeñaría xenética utilizando fontes fiables adoptando unha actitude crítica e escéptica cara á informacións sen unha base científica como pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, bulos etc.	Coñecer as principais técnicas de enxeñaría xenética e as súas implicacións éticas		
CA1.5 - Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica relevante na consulta e creación de contidos e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Empregar e citar fontes fiables de información	TI	10
CA1.6 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función nun proxecto científico		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e os recursos económicos.	Valorar axeitadamente a contribución da Ciencia na sociedade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconceito positivo ante as ciencias.	Mostrar resiliencia ante os retos académicos.		
CA12.2 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico.		
CA12.3 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica. - Identificación e formulación de cuestións. - Elaboración de hipóteses. - Espazos e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e da comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente. - Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar en diferentes formatos. - Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. - ADN: xenes e cromosomas. Expresión xénica. - As mutacións e o cancro. - Procesos que xeran variabilidade xenética e a súa relación coa evolución e a biodiversidade. - Biotecnoloxía e enxeñería xenética: aplicacións e implicacións éticas, sociais e ambientais. - Estratexias para o recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe propia para incrementar a curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia. - Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe. - Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos. - Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O ámbito Científico-Tecnolóxico está secuenciado en 18 unidades didácticas que se van intercalando e nas que se desenvolven as tres materias constituíntes (Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química).

Dada a plasticidade do ámbito, o profesor poderá dar simultaneamente varias unidades de diferentes materias, dedicándolle un peso proporcional semanal/trimestral conforme ás sesións que figuran en PROENS. A decisión de enfocarse nunha soa unidade ou impartir varias simultaneamente dependerá da dificultade de cada unidade e da súa carga teórica. Deste xeito, as unidades con abundante carga teórica (especialmente as de Bioloxía e Xeoloxía) poderán ser impartidas simultaneamente con unidades máis prácticas de Matemáticas ou Física e Química.

As sesións teóricas intercalaranse con sesións de resolución de cuestións e problemas, con lecturas de diversos textos relacionadas cos contidos que se vaian tratando, con sesións de repaso, e co manexo de diversas páxinas web. A búsqueda de información en internet farase sobre todo ó abordar cuestións de ampliación ou que permitan exemplificar contidos e relacionalos con casos reais, co obxectivo de relacionar a materia co mundo real e a vida cotiá do alumnado.

Intentarase achegar os contidos á realidade próxima do alumnado tamén mediante e a realización de prácticas de laboratorio (cando sexa posible), nas que se empreguen, materiais e reactivos dispoñibles no laboratorio do centro ou caseiros.

A metodoloxía adecuarase aos seguintes condicionantes: natureza da materia; condicións socioculturais; dispoñibilidade de recursos e características do alumnado. Coa metodoloxía aplicada tentarase contribuír a desenvolver a competencia científica do alumnado e capacitalo para construír e aplicar os coñecementos de forma autónoma, creativa, responsable e crítica (tanto no plano persoal da vida cotiá como no social da participación cidadá).

A metodoloxía a seguir resúmese nos seguintes puntos:

- Promoverase e facilitarase o desenvolvemento competencial do alumnado. Enfoque na realización de tarefas.
- Favorecerase que o alumnado aprenda por si mesmo, e promoverase a aprendizaxe en equipo, favorecendo o traballo individual e cooperativo
- Apostarase por unha metodoloxía activa e participativa centrada no interese do alumnado realizando un seguimento o máis personalizado posible, o cal é posible ó ter un grupo reducido de alumnos en PDC.
- Dentro das metodoloxías activas usaranse estratexias de aprendizaxe cooperativo e estratexias interactivas.
- Terase en conta a atención á diversidade, respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e poñendo en marcha todos os mecanismos de reforzo educativo.
 - As clases teóricas desenvolveranse do xeito máis dinámico e participativo posible, recorrendo sempre que sexa necesario e oportuno ás dinámicas de grupo, e á participación do alumnado.
 - O libro de texto serviranos de guía de apoio do temario impartido
 - Haberá exercicios e probas orais e escritas.
 - Como ferramenta moi recorrida usaremos o caderno da materia. Nel os/as alumnos/as terán que:
 - Tomar apuntes
 - Confeccionar esquemas e mapas conceptuais.
 - Realizar cuestións e problemas.

Integración das TIC na selección dos materiais e recursos didácticos:

Tentaremos introducir o uso das novas tecnoloxías da información nas exposicións teóricas, xa que poden aportar elementos visuais moi clarificadores para o alumnado sobre todo en cuestións que demandan un alto grao de abstracción por parte dos rapaces. O uso das TIC para presentacións de powerpoint, animacións e traballo con gráficas pretenderemos que sexa ferramenta habitual no desenrolo das clases. A Aula Virtual (proxecto abalar en 4^ºESO) será unha ferramenta moi usada e medio polo cal proporemos diversas tarefas a entregar en liña, foros con problemas de física e química, etc.

Prácticas de Laboratorio:

· O ter un grupo de alumnos reducidos, poderán levarse ó laboratorio sen a necesidade de facer desdobres. Haberá unha visita (mínimo, posto que a práctica pode desenrolarse ao longo de varias sesións) ao trimestre ao Laboratorio para realizar diferentes prácticas relacionadas co temario que esteamos impartindo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais impresos: - Boletíns de exercicios; táboas periódicas; rúbricas e listas control para o seguimento do proceso.
Materiais Visuais: - Pizarra e xiz para as explicacións e exposicións. - Modelos clásicos para observar a os átomos, moléculas...
Novas tecnoloxías: - Uso de aplicacións web como YouTube, ferramentas de presentacións como Power Point e aparellos tecnolóxicos como o canón de proxección para apoiar as explicacións. - Uso de navegación por Internet, distintos tipos de software, do traballo na nube e ordenadores para a procura de información, a realización de actividades con ferramentas tecnolóxicas didácticas e para as rúbricas de coavaliación.
Laboratorio de Física e Química, biblioteca e recursos independentes do centro (onde terán lugar as posibles actividades complementarias/extraescolares).

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada con dous encerados tradicionais e cun proxector, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal. A mesa do profesor conta cun ordenador conectado ó proxector.

Todos os alumnos contarán cun portátil que deberán traer debidamente cargado da casa. Ó portátil que se lles suministrará no centro, contén todos os programas que o alumno vai a necesitar empregar durante o desenvolvemento das clases. Na plataforma Edixgal terán dispoñibles todos os contidos teóricos do curso, así como os boletíns de exercicios e enlaces a páxinas web de interese e outros materiais que podan ser necesarios de diversa natureza en función da unidade didáctica coa que se estea traballando.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar. O laboratorio do IES A Basella conta con dúas campanas extractoras para traballar con material potencialmente perigoso para as vías respiratorias, varias estufas e o material de vidro habitual (matraces, probetas, buretas, vasos de precipitados, pipetas...), así como unha grande variedade de produtos químicos diversos.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, o caderno da/do alumna/o será recurso indispensable que poderá ser solicitado periodicamente para a súa avaliación ou comprobarse diariamente na aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao principio do curso realizarase unha proba escrita para avaliar os coñecementos previos dos alumnos e coñecer as principais dificultades cara o vindeiro curso.

A proba consistirá nun exame escrito que se realizará nunha sesión. O exame estará referido a contidos mínimos dos cursos anteriores, sobre todo de Matemáticas, posto que será necesario ter unha certa base tanto para seguir cursando esta materia como para desenrolar os contidos de Física e Química.

Os resultados da avaliación inicial poden axudar a detectar dificultades académicas en algún alumno/a en concreto. Neste caso o Departamento de Física e Química coordinaríase co Departamento de

Orientación para aplicar as medidas necesarias, que poden consistir na elaboración de Adaptacións Curriculares Individualizadas ou establecer algún reforzo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	6	5	6	6	5	5	6	5	6
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	UD 17	UD 18	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	5	6	6	6	5	5	6	100
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Criterios de cualificación:

Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

1. Instrumentos de avaliación

Exame de materia: cada profesor é competente de establecer as probas escritas e orais que considere, co único requisito de non acumular máis de dous unidades didácticas por exame. Deste xeito, e a modo de exemplo, facendo un exame por unidade didáctica teremos 6 exames por avaliación.

Todos os exames terán o mesmo peso na nota final, salvo que se indique o contrario, o cal pode ocorrer nun dos seguintes casos:

- Por falta de tempo faise un exame dun tema incompleto. Neste caso, comunicaráselle o alumnado previamente o porcentaxe de nota asociado a cada exame.
- O exame engloba dúas unidades didácticas. Neste caso o exame terá un peso na nota final do dobre que os exames dunha sóa unidade didáctica.

Apuntamentos sobre o traballo en clase e en casa do alumnado. Farase un seguimento de cada alumno tomando nota das tarefas realizadas tanto na aula como na clase.

Prácticas de laboratorio. Polo menos unha vez ao trimestre tentarase facer unha práctica de laboratorio da que o alumnado terá que presentar memoria das actividades desenvolvidas, conforme ao guión de prácticas que lle subministrará o profesor.

Usaránse rúbricas para puntuar tanto o traballo en clase /en casa como as prácticas de laboratorio

2. Características da avaliación

- A avaliación é continua, formativa e integradora. Con contínua referímonos a que existen contidos que poden seguir aparecendo en distintas unidades didácticas, posto que existen coñecementos que se constrúen sobre outros coñecementos previos. En ningún caso significa que ó aprobar o exame dunha unidade didáctica apróbanse automaticamente os exames das unidades anteriores.
- Cando o progreso do alumno-a non sexan adecuados, estableceranse medidas de reforzo educativo (RE)
- O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente
- Adaptaranse ao alumnado con NEAE, e non se poderá minorar as cualificacións
- A avaliación será obxectiva, e se farán públicos e comunicaranse ás familias: os criterios de avaliación; os estándares de aprendizaxe; as estratexias e instrumentos de avaliación; os criterios de promoción.
- O equipo docente actuará de xeito colexiado
- Faranse probas extraordinarias para o alumnado con avaliación negativa.

3. Criterios de cualificación xerais

1. Para a obtención da nota de cualificación final, o profesorado terá en conta todas aquelas probas realizadas ao longo do curso. Tamén se terá en conta a nota que teña o alumno/a segundo as tarefas realizadas diariamente na aula e na casa, así como a das prácticas de laboratorio.

2. Nas probas escritas aparecerán frecuentemente preguntas que teñan por resposta unha cantidade que o alumno/a debe calcular. Nestas cuestións non se valorará soamente obter a resposta correcta, senón o procedemento para chegar a dita resposta. Polo tanto unha resposta correcta non se corresponderá cunha valoración do 100% do apartado se non está acompañada dunha explicación axeitada.

3. Na realización das distintas probas, espérase do alumnado un comportamento correcto e respectuoso. No caso contrario, o profesor/a decidirá sobre as medidas oportunas, como a retirada do exercicio ou a cualificación da proba cun cero.

4. Criterios de cualificación e promoción

O rematar o trimestre o profesor terá unha nota media das probas escritas (PE) e unha nota media do traballo do alumno na aula, na casa e no laboratorio (TR)

A cualificación do trimestre (C) será o resultado de aplicar a seguinte expresión

$$C=0,1\cdot TR+0,9\cdot PE$$

Considerarase superado un trimestre se C é igual ou maior que 5,0.

Á hora de introducir as cualificacións no XADE, aplicarase o redondeo ás notas medias obtidas para cada trimestre. Non obstante, a cualificación final do curso será o resultado de facer a media das tres cualificacións dos trimestres sen redondear as unidades. Aplicarase o redondeo unha vez realizada a media final.

A cualificación final do curso será o resultado de facer a media das cualificacións dos tres trimestres e consideraranse superada a materia se este valor é igual ou maior que 5.

Criterios de recuperación:

Recuperación trimestral

O alumnado que suspenda un trimestre fará un exame de recuperación no que se examinará de todos os contidos referidos a dito trimestre.

Neste caso, haberá unha proba escrita ao inicio do seguinte trimestre. A nova cualificación do trimestre calcularase mediante unha media ponderada: 80% a cualificación obtida na proba de recuperación e 20% a nota da avaliación non superada.

Se o alumno/a obtén unha nota igual ou superior a 5 na proba de recuperación e mediante a media ponderada anterior obtense unha nota total inferior a 5, entón a nota do alumno/a será de 5.

Se o alumno/a obtén na proba de recuperación unha nota inferior á nota que tiña no trimestre, manterase a nota anterior.

Recuperación final

No fin de curso, aqueles alumnos cunha nota media das tres avaliacións inferior a 5 farán un exame de recuperación no que se examinará dos contidos pertencentes as avaliacións suspensas, é dicir:

- O alumnado cunha avaliación suspensa examinarase dos contidos pertencentes a esa avaliación
- O alumnado con dúas avaliacións suspensas examinarase dos contidos pertencentes a esas dúas avaliacións
- O alumnado coas tres avaliacións suspensas examinaranse dos contidos de todo o curso

A nova cualificación de cada trimestre calcularase mediante unha media ponderada: 80% a cualificación obtida na proba de recuperación e 20% a nota da avaliación non superada.

Se nun trimestre o alumno/a obtén unha nota igual ou superior a 5 na proba de recuperación e mediante a media ponderada anterior obtense unha nota total inferior a 5, entón a nota do alumno/a será de 5.

No caso de que no exame de recuperación se obteña unha nota inferior a que xa posuía, manterase a nota anterior.

6. Medidas de atención á diversidade

No presente curso o Departamento de Física e Química disporá, para atención á diversidade, dos seguintes elementos e ferramentas:

- Os tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación serán adaptados ás necesidades do alumnado.
- Prepararanse boletíns de exercicios con actividades de diferentes dificultades, con exercicios de reforzo para os alumnos máis rezagados e actividades de maior dificultade para os alumnos máis avantaxados na materia.
- Faranse adaptación curriculares a aqueles alumnos que as precisen, ben por recomendación do departamento de Orientación do Centro, ben porque no desenvolvemento dos contidos queden rezagados e así se detecte nas avaliacións.

Algunhas das estratexias máis importantes a seguir inclúense no seguinte listado:

- Clarificar vocabulario e símbolos. (Pre-ensinar o vocabulario e os símbolos, proporcionar descrições de texto alternativas aos mesmos, etc.).
- Clarificar sintaxe e estruturas. (Clarificar a sintaxe non familiar a través de alternativas tales como estruturas previas, modelos moleculares, mapas conceptuais, etc.).
- Destacar ideas principais e relacións.
- Usar múltiples medios de comunicación. (Resolver problemas utilizando distintas estratexias).
- Usar múltiples ferramentas para a construción e a composición. (Usar correctores ortográficos, proporcionar calculadoras, páxinas web de formulación, etc.).
- Aumentar a capacidade para facer un seguimento dos avances. (Facer preguntas guía, mostrar representacións dos progresos, proporcionar modelos de autoavaliación, etc.).
- Minimizar a inseguridade e as distraccións. (Crear un clima de apoio, reducir os niveis de incerteza creando rutinas de clase, variando os niveis de estimulación sensorial para que a aprendizaxe poida ter lugar).
- Resaltar a relevancia das metas. (Pedir ao alumnado que formule o obxectivo de forma explícita, fomentar a división de metas en obxectivos a curto prazo, involucrar aos alumnos e as alumnas en debates de avaliación, etc.).
- Variar as esixencias e os recursos para optimizar os desafíos. (Diferenciar o grao de complexidade con que poden completar as tarefas, proporcionar ferramentas alternativas, facer fincapé no proceso, etc.).
- Fomentar a colaboración e a comunidade. (Crear grupos cooperativos, proporcionar indicadores para pedir apoio a compañeiros e compañeiras, fomentar as oportunidades de interacción, etc.).
- Utilizar o feedback orientado cara á excelencia nunha tarefa. (Proporcionar feedback que saliente o esforzo, que sexa informativo e non competitivo, que fomente a perseveranza, etc.).
- Facilitar estratexias e habilidades para afrontar problemas da vida cotiá. (Proporcionar modelos para xestionar a frustración e buscar apoios emocionais, manexar adecuadamente as fobias, usar situacións reais para demostrar habilidades e para afrontar os problemas, etc.).
- Desenvolver a auto-avaliación e a reflexión. (Desenvolver actividades que inclúan medios que permitan ao alumnado obter feedback que favorezan o recoñecemento do progreso e permitan controlar os cambios na conduta dos alumnos e as alumnas).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X		X		X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores			X	X		X		
ET.8 - Igualdade de xénero		X	X	X		X		
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X		X	X	X		X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X		X			X	
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 17	UD 18
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X

	UD 17	UD 18
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores		X
ET.8 - Igualdade de xénero		X
ET.9 - Creatividade	X	X

Observacións:

Os elementos transversais son aqueles que se traballan dende todas as materias durante todos os cursos de Primaria e Bacharelato: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Dende o ámbito científico-tecnolóxico trabállase a diario a comprensión lectora coa lectura de textos científicos e a expresión oral e escrita, enriquecendo o léxico cos termos propios das Matemáticas, a Física e Química e a Bioloxía e Xeoloxía.

Por outra parte, o uso da aula virtual na nosa materia promove a correcta utilización das TIC como medio de aprendizaxe e comunicación entre profesorado e alumnado.

En canto a comunicación audiovisual, a situación creada pola COVID propiciou a elaboración dunha cantidade inxente de material consistente en videotutoriais deseñados para suplir ou complementar as explicacións presenciais nas aulas.

Os pequenos traballos de investigación e o propio uso do método científico, que se ensina xa dende os niveis máis baixos, potencia a actitude emprendedora do alumnado.

A maior contribución dende o ámbito científico-tecnolóxico á educación cívica e constitucional radica na concienciación do alumnado no respecto ao medio ambiente, tocando temas tan de actualidade tales como a reciclaxe ou o emprego de enerxías renovables.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Limpeza dunha praia	Actividade relacionada coa ecoloxía e adopción de hábitos sostibles.	X		
Charlas divulgativas.	Charlas de distintas temáticas científicas.	X	X	X
Clube de Ciencias	Prácticas sinxelas revisadas por profesores das distintas Ciencias	X	X	X

Observacións:

Polo que respecta ás actividades complementarias e extraescolares, non podemos presentar un calendario a priori debido a que as decidimos durante o curso tendo en conta as ofertas que durante o ano se nos fan por parte das facultades de Física e de Química, colexio de Químicos, Real Sociedade de Física... Procuramos que teñan relación coa celebración de algún feito sulñable desde o punto de vista das materias do departamento (ano de Einstein, ano internacional da Química..), así como con temas científicos obxecto de debate ou interese na sociedade.

Neste curso todo o alumnado ten a oportunidade todos os martes a participar nas actividades do clube de Ciencias. Os alumnos levarán a cabo experiencias científicas sinxelas acompañados por profesores de cada unha das materias. Estas prácticas faranse os martes ó mediodía aproveitado as horas entre as clases da mañán e da tarde.

Por último sinalar que prestamos a nosa colaboración cando é necesaria nas distintas actividades planificadas polo Centro. Por exemplo, a actividade de limpeza de praias é organizada polo Centro e adóitase a facer no primeiro trimestre, mentres a metereoloxía faga posible a actividade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Propoño actividades que aseguran a adquisición das aprendizaxes previstas e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.
Metodoloxía empregada
Propoño situacións introdutorias previas á unidade que se vai a traballar (traballos, diálogos, lecturas...).
Manteño o interese do alumando partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.
Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, o que é mais importante).
Propoño ao meu alumnado actividades variadas.
Distribúo o tempo adecuadamente: breve tempo de exposición e o resto do mesmo para actividades que o alumnado realice na clase.
Comprobo, de diferentes modos que o alumnado comprendeu a tarefa que deben realizar.
Controlo frecuentemente o traballo do alumnado.
Reviso e corrixo as actividades propostas.
Medidas de atención á diversidade
Propoño actividades de reforzo e ampliación.
Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, os seus ritmos de aprendizaxes, a posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.
Fomento o respecto e a colaboración entre as/os alumnas/as e acepto as súas suxerencias e aportacións, tanto para organización das clases, como para as actividades de aprendizaxe.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordínome cos outros profesionais para modificar e/ou adaptar os contidos, actividades, metodoloxía e recursos aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

De xeito periódico, analizarase o grao de avance da materia, en relación coa programación, así como diversos cambios propostos para adaptarse ás necesidades educativas da aula.

Cada avaliación revisarase o seguimento adecuado da programación didáctica, sobre todo analizando os resultados obtidos polo alumnado na avaliación.

Por outra banda, na memoria fin de curso, reflexaranse os contidos impartidos, cambios propostos para sucesivos cursos ou problemas o poñer en práctica o acordado nela.

9. Outros apartados